

Recordatorio de deberes legais ao Concello de Bueu de que as administracións públicas deben atender, nun prazo razoable, as solicitudes ou peticións que a cidadanía lles formule, dando unha resposta expresa e motivada ás mesmas e suxestión de, no caso que nos ocupa, avaliar a regulación da parada das persoas usuarias dos centros de servizos públicos existentes na mesma no horario de maior demanda, informando á veciñanza e procurando unha axeitada regulación do espazo

Expediente: V.4.Q/14613/23

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

“Que en la calle XXX están aparcando y accediendo a la calle peatonal ubicada entre ambos edificios numerosos vehículos (tanto a diario como en fin de semana). En la entrada de dicha calle peatonal hay una señal en la que pone que solo pueden acceder vehículos autorizados. Este problema es continuo y lo venimos comunicando a este Concello año tras año, agravándose en la época estival”

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nolo remitiu co seguinte contido:

“O lugar que nos ocupa e unha zona pública de uso público polo que o competente neste caso e a regulación da mesma compete o Concello de Bueu, as características do vial ou a zona, e na zona urbana de Bueu, polo que e un dos puntos casualmente, como temos outros na zona urbana que en franxas ou horarios do día ten pola súa idiosincrasia un aumento ou uso da circulación estacionamento e carga e descarga etc., que sobrepasa a capacidade do vial debido entre outras causas a varios locais con determinadas

peculiaridades, dous dos casos son unha gardería e outro un centro de día, o que conleva referente o punto que se especifica na queixa que se utilize a ubicación referida coma un estacionamento dinámico para carga e descarga de xente en a menudo determinados casos de mobilidade reducida ou con idades (os nenos) que non son independentes na súa mobilidade, ante o cal e pese a que dende a corporación debido a queixas veciñais e a velar polo cumprimento das normas de circulación se lle este dando ordes a esta xefatura da Policía Local de Bueu para que se faga cumprir as normas de circulación tanto na Rúa Matilde Bares coma noutros puntos ou ubicacións de Bueu (Centro de Saude, Praza, Banda do Río, etc.), tentando seguir dende esta Policía Local de Bueu estas directrices, pero ante as demandas ou necesidades do tráfico en e as limitacións do lugar o que se vivía e o non abuso por parte de algúns condutores, pero debido a densidade do tráfico en momentos puntuais durante o longo do día a regulación do tráfico pasa a discreción do axente que se atope de servizo que o que buscamos coma en todos os puntos de Bueu con digamos problemas de tráfico a solución e dinamización dos mesmos.”

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. O artigo 7.2 do Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viaria dispón as competencias municipais, entre outras:

“b) A regulación mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social”

Así mesmo, o tráfico é unha das materias expresamente mencionadas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na que se dispoñen as materias de competencia municipal.

SEGUNDA. A rúa obxecto desta queixa conta con distintos servizos coma un centro de día de maiores e unha escola infantil polo que hai un importante fluxo de tráfico, especialmente nos horarios de apertura e peche dos mesmos. A información da policía local indica a

vontade de facer cumprir as normas viarias que rexen no municipio aínda que se permite a utilización da zona peonil sinalada no escrito de queixa como estacionamento temporal para as familias que utilizan estes dous centros.

Semella, polo contido do escrito de queixa, que se mantén unha sinalización de zona peonil sen advertir nin informar da posibilidade de estacionamento temporal para aqueles vehículos que recollan persoas usuarias do centro de día ou menores. Porén, o concello ten a posibilidade de delimitar o estacionamento ou autorizar a parada, se esa é a súa vontade, nun horario determinado ou habilitar un espazo próximo para estas paradas informando á veciñanza e ás persoas usuarias dos centros.

TERCEIRA. O escrito de queixa sinala que a interesada solicitou información ao concello o día 10 de agosto do ano 2022 sen obter resposta do solicitado. Achega copia da instancia xeral presentada nesa data polo rexistro electrónico dese concello con código de procedemento 1399600. Na resposta municipal non se sinala se se deu contestación ao escrito.

O artigo 103.1 da Constitución Española esixe das Administracións Públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda, entre elas, o deber da Administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un orzamento inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexitimos.

Así mesmo, o artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, establece que toda persoa ten dereito a que as institucións, órganos e organismos da Unión traten os seus asuntos imparcial e equitativamente e dentro dun prazo razoable, polo que as Administracións deben dar resposta no marco do dereito a unha boa administración, ás solicitudes dos interesados.

O dereito a unha boa administración confórmase como un dereito básico e esencial da cidadanía, que se integra, como mínimo, polos dereitos da persoa a que as administracións públicas atendan nun prazo razoable as peticións que esta lles formule, dando unha resposta expresa e motivada ás mesmas, de xeito que o cidadán poida coñecer en todo momento cal é a posición da administración concernida respecto do seu problema.

En definitiva, a cidadanía ten dereito a obter, no prazo legalmente establecido, unha resposta expresa e motivada aos escritos e solicitudes que se formulen ante as administracións públicas, no marco do dereito a unha boa administración.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

As administracións públicas deben atender, nun prazo razoable, as solicitudes ou peticións que a cidadanía lles formule, dando unha resposta expresa e motivada ás mesmas.

E a seguinte suxestión:

No caso da rúa que nos ocupa e dentro da súa capacidade organizativa, avaliar a regulación da parada das persoas usuarias dos centros de servizos públicos existentes na mesma no horario de maior demanda, informando á veciñanza e procurando unha axeitada regulación do espazo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo